



Rexistro:

Nº de captura:

PROCEDEMENTO DECLARACIÓNS E AUTORIZACIÓNS PARA A SOLICITUDE UNIFICADA DE AXUDAS PAC/DR – 2014	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR250A	ANEXO / IMPRESO 1 / DA
EXPEDIENTE		

DATOS PERSOAIS

SOLICITANTE			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME OU RAZÓN SOCIAL	NIF / NIE
CÓNIXUXE OU REPRESENTANTE LEGAL			
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF / NIE

En relación cos procedementos regulados pola Orde da Consellería do Medio Rural e do Mar do 18 de febreiro de 2014, pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandaría e das axudas ao desenvolvemento rural para a utilización sustentable das terras agrícolas no ano 2014:

DECLARA:

1. Que coñece as condicións establecidas pola UE, o Estado español e a Comunidade Autónoma de Galicia para a concesión das axudas e primas que solicita, relacionadas no impreso DP1.
2. Que no ano 2013 tramitou as súas solicitudes de axudas PAC/DR na Comunidade Autónoma de [redacted].
3. Que nesta campaña 2014 non presentou nin na Comunidade Autónoma de Galicia nin noutra comunidade autónoma, outra solicitude por estes réximes de axuda ou, se é o caso, dá por anuladas as anteriormente presentadas.
4. Que, de ser o caso, a declaración de parcelas realizada mediante o impreso PA que acompaña a esta solicitude contén a relación de todas as parcelas agrícolas da explotación, inclusive aquelas polas que non solicita ningún réxime de axuda e que a citada declaración de parcelas foi realizada con coñecemento dos usos e delimitacións que figuran na base de datos do Sixpac (visor) e que estes correspóndense cos usos e aproveitamentos que realiza na súa explotación, comprometéndose en caso contrario a presentar a alegación de cambio de uso do Sixpac ou delimitación que corresponda.
5. Que, de ser o caso, é conscente de que os animais para os que se haxa comprobado que non están correctamente identificados ou rexistrados no sistema de identificación e rexistro, poderán contar como animais respecto dos cales se teñen detectado irregularidades, segundo se contempla nos artigos 65, 66 e 69 do Regulamento (CE) n.º 1122/2009 da Comisión do 29 de outubro de 2009.
6. Responsablemente, que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, non tendo pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
7. Responsablemente, que todos os datos contidos nesta solicitude, incluídas todas as súas partes, son verdadeiros.
8. Que recibe unha copia íntegra do expediente con todos os datos das solicitudes de axuda 2014 indicadas no impreso DP1.

AUTORIZA A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA CORRESPONDENTE PARA:

1. Que, en cumprimento do disposto no artigo 6 da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal, os datos recollidos nesta solicitude sexan incorporados a ficheiros informatizados para o seu tratamento coa finalidade da xestión deste procedemento e para que sexan empregados pola Xunta de Galicia e/ou polo Fogga no ámbito das súas competencias.
2. Incluír e facer públicos, nos rexistros de axudas, subvencións, e convenios e de sancións, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas.
3. Que, de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, lle dea publicidade ás axudas concedidas na páxina web oficial da Consellería do Medio Rural e, de ser o caso, no *Diario Oficial de Galicia*, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario para as devanditas publicacións.
4. Consultar ou obter os datos de carácter persoal da Axencia Tributaria, da Administración da Seguridade Social, do Instituto Nacional de Emprego, do Instituto Nacional de Estatística, da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil, así como de calquera organismo, cando a obriga de achegar a documentación sexa suprimida por norma, coa finalidade exclusiva de comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos para a obtención das axudas indicadas no impreso DP1, e axilizar a súa tramitación
5. O emprego de mensaxaría SMS e do correo electrónico como medios para a realización de notificacións e avisos.

En [redacted], o [redacted] de [redacted] de 201 [redacted].

O/A solicitante/representante legal

Asdo.: [redacted]